



## CONCELLO DE CHANTADA

Expediente núm.: G401/2026  
DEPARTAMENTO: Recursos Humanos  
ASUNTO: Contratación  
Tipo personal: Laboral Temporal  
Servizo: Deportes  
Posto: SOCORRISTA

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**DECRETO POLO QUE ACORDA A CONTRATACIÓN NA CONVOCATORIA PARA CONTRATACIÓN, POR UN PERÍODO DE 3 MESES, DUN SOCORRISTA.**

Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, Alcalde-Presidente do Concello de Chantada, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

#### **ANTECEDENTES:**

Vista a Resolución de Concesión de Subvención ao abeiro da orde do 13 de xaneiro de 2026 (DOG nº 23 de data 4 de febreiro de 2026) por importe de 3.018,84 euros que supón o 50% sobre o orzamento elixible do proxecto.

Visto que por Decreto da Alcaldía de data 17/06/2026 se aprobaron as bases reguladoras da convocatoria de selección de persoal laboral e posterior contratación de duración determinada por políticas activas de emprego polo período de tres meses, a xornada completa, dun/a socorrista para as piscinas municipais, desempregado/a, mediante proba tipo test e en consonancia co disposto na Orde referida da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Vista a oferta pública de emprego formulada perante o Servizo Galego de Emprego.

Visto o RC do departamento de Tesourería en canto a existencia de crédito.

Visto o decreto número 2026-0733 data 30/06/2026.

Vista a urxencia de levar a cabo a contratación de acordo cos criterios da Orde e comunicacións da citada Consellería para salvar os prazos que necesariamente se indican obrigatorios.

Visto o decreto da Alcaldía n.º 2026-0766 de data 7 de xullo de 2026 polo que se aprobou a lista definitiva de admitidos e a fixación da data de exame, como segue:

REXISTRO/S DE ENTRADA	NOME E APELIDOS	DNI	ADMISIÓN / OBSERVACIONES
Recibo-2026-E-RE-1241 Recibo-2026-E-RE-1247	Pablo Cuenca García	***5589**	SÍ

Celebradas as probas e o concurso e vista a proposta do tribunal calificador que se desprende da acta do proceso selectivo de data **08/07/2026**, na que se propón ao candidato:

NOME E APELIDOS	DNI	PUNTUACIÓN
Pablo Cuenca García	***5589**	13.15

**DECRETO**  
Número: 2026-0777 Data: 08/07/2026

Cod. Validación: 79RUF92ON3L07GZ4PGRJPCTG  
Corrección: https://chantada.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2





## CONCELLO DE CHANTADA

Vistas as bases e as atribucións conferidas á Alcaldía, de conformidade co artigo 21.1. g) da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.**-Contratar para o posto de socorrista a Don Pablo Cuenca García para o desenvolvemento das funcións de socorrista descritas nas bases reguladoras, cun contrato laboral temporal de duración determinada, vinculado a programas e políticas activas de emprego, polo período comprendido entre os días 09/07/2026 e 08/10/2026, ambos inclusive, a xornada completa.

**SEGUNDO.**-Publicar este decreto no Taboleiro de Edictos da Corporación, páxina web municipal – concellodechantada.org- e sede electrónica, de acordo coas bases da convocatoria.

**TERCEIRO.**-Notifíquese esta resolución ao interesado xunto cos recursos procedentes.

**CUARTO.-Recursos:** *Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante este órgano, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo desta Provincia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.*

O Alcalde,  
Asdo.: Manuel Lorenzo Varela Rodríguez

Ante min O Secretario

Aos sos efectos de fe pública  
Fernando Torre Comesaña

Fiscalizado e Conforme,  
A INTERVENTORA,  
María Yebra-Pimentel López

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

**DECRETO**  
Número: 2026-0777 Data: 08/07/2026

Cod. Validación: 79RUF92ON3L07GZ4PGRJPCTG  
Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

